



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE MAIO DE 2014

LICENZAS

LIC/1601/2013.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- Conceder a licenza para a reparación de Cuberta e canlóns no Museo do Pobo Galego.

LIC/460/2014.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- Conceder licenza para a consolidación estrutural do pilar apeado provisionalmente na Igrexa de San Francisco no Campiño de San Francisco.

LIC/357/2014.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder licenza para a renovación de cubertas no Convento do Carme na Rúa de Santa Clara.

LIC/433/2014.-COMUNIDAD DE PROPIETARIOS ED. SITO EN SALVADAS, 23.- Conceder licenza de reforma do edificio existente para instalar un ascensor na Rúa Salvadas,23.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/524/2014.- XESTUR.- Conceder licenza de parcelación da finca sita no Parque empresarial da Sionlla

LIC/330/2014.- JOSÉ LUIS GARCÍA ESMORIS.- Conceder licenza de parcelación da finca sita no Lugar de Xan Xordo nº 8.

LIC/528/2014.- MANUEL EIBES ESPANTOSO.- Conceder licenza de parcelación da finca sita en Rúa da Granxa do Castiñeiriño, nº 21.

LIC/154/2014.- JOSE MANUEL LISTE MOURE.- Conceder licenza de parcelación da finca sita en Lugar de Vilariño de Nemenzo, nº3.

LIC/479/2014.- TANIA SUAREZ RIOS.- Conceder licenza de parcelación da finca sita en Trva. da Susana, nº 10.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/216/2014.- CONSTRUCCIONES FONTENLA, SA.-LIC/2429/2007.....6.000€

LIC/215/2014.- CONSTRUCCIONES FONTENLA, SA.- LIC/2428/2007..... 3.000€

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación Hostelería Compostela.

Á vista da solicitude feita pola Asociación de Hostelería Compostela e a proposta da concelleira de Urbanismo, a XGL remite informe favorable á Xunta de Galicia para que autorice a ampliación nunha hora no horario de hostelería coincidindo coas seguintes datas de interese turístico e festivo para Santiago tales como a festividade da Ascensión: do 28 de maio ao 1 de xuño e na festividade de San Xoán o 23 de xuño de 2014.

5.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á realización do programa "Cultura Skate 2014".

A proposta da concelleira de Xuventude a XGL aprobou o evento Cultura Skate 2014 dentro das actividades que desenvolve o Departamento de Xuventude e no que colaboran diversos colectivos co obxectivo de dinamizar a participación da xuventude compostelá. Esta acción realizarase no CEIP Apóstolo Santiago o sábado 31 de maio entre as 11 e as 21 horas. O orzamento desta actividade será de 4.000 €.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do Proxecto modificado para a execución de obras de acondicionamento e mellora das condicións do tráfico rodado do vial público que da acceso á estación de A Susana en Marrozos, desde a estrada AC-960.

A XGL aprobou o proxecto modificado para a execución de obras de acondicionamento e mellora das condicións do tráfico rodado do vial público que dá acceso á estación da Susana en Marrozos, desde a estrada AC-960. Con esta modificación suprimense as mencións no proxecto presentado a ADIF en relación á titularidade do vial, faise isto co obxecto de non retrasar a necesaria intervención dado o estado de deterioro do mesmo. Todo isto sen prexuízo das actuacións de regularización patrimonial que se poidan facer a posteriori.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do Proxecto "Reparación de pavimentos na calzada e estacionamento na rúa República Argentina".

Este proxecto forma parte dunha serie de actuacións para a reparación de firmes e pavimentos e estacionamentos no ámbito do Ensanche. O orzamento de licitación desta obra é de 163.064,32 € e terá un prazo de execución de 7 semanas.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do Proxecto "Reparación de pavimentos na calzada e estacionamento na rúa Santiago de Chile".

Este proxecto forma parte dunha serie de actuacións para a reparación de firmes e pavimentos e estacionamentos no ámbito do Ensanche. O orzamento de licitación desta obra é de 171.644,25 € e terá un prazo de execución de 7 semanas.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á execución de sentenza recaída no expediente de expropiación para o saneamento da conca do río Aríns.

A XGL aprobou executar esta sentenza do TSXG (procedemento 11410/2007) e polo tanto proceder ao abono das cantidades correspondentes aos afectados que suman un total de 45.529,33 €.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á consignación de xuros por sentenza no expediente de expropiación para construción de Centro de EXB no Carme de Abaixo.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible o pago por sentenza dos xuros no expediente de expropiación para construción de Centro de EXB no Carme de Abaixo por un importe de 14.521,03 € como obriga recoñecida desde o ano 2003.

11.- Dar conta da concesión de actividades do programa Ler conta moito 2014, pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Deuse conta á XGL da concesión de actividades do programa Ler conta moito 2014, pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria á Biblioteca Pública José Saramago por un importe de 844,50 €.

URXENCIAS

1.- Aprobación do expediente denominado Deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1).

A XGL aprobou o inicio do expediente denominado Deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1) que contará cun orzamento de licitación de 50.999,00 €.

2.- Propostas da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativas a axudas de carácter social.

A proposta da Concelleira de Benestar a XGL aprobou diversas axudas de carácter social por conceptos de manutención, vivenda, gastos excepcionais e comedor escolar por importe de 28.682,96 €.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa a deixar sen efecto e anular o procedemento de Contratación, mediante procedemento negociado, da Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no Concello de Santiago de Compostela.

Este é un contrato que se fixo mentres non se adjudicaba este concurso, que finalmente se levou a empresa SCI como se informou no seu día. Posto que non se chegou a iniciar o servizo non hai que pagar indemnización.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, relativa á resolución do contrato asinado con URCAL 2010 CONSTRUCCIONES, SL de obras de demolición de edificación auxiliar no lugar de PAI DA CANA - CONXO, así como a indemnización ao contratista.

A XGL aprobou esta proposta que supón a resolución do contrato toda vez que a demolición da edificación en cuestión foi levada a cabo polo cidadán obrigado a realizala, polo que non fixo falta a execución subsidiaria por parte do Concello da decisión de derrubo adoptada pola Comisión de Goberno do 3 de xullo do ano 2000. Non executado este contrato procede realizar o abono da indemnización ao contratista por importe de 646,42 €, que equivale ao 3% da prestación deixada de realizar.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do contrato asinado con URCAL 2010 CONSTRUCCIONES, SL de obras de demolición de edificación auxiliar no lugar de SUARRIBAS-CRUZ DA NOGUEIRA.

A XGL aprobou esta proposta que supón a resolución do contrato toda vez que a demolición da edificación en cuestión foi levada a cabo polo cidadán obrigado a realizala, polo que non fixo falta a execución subsidiaria por parte do Concello da decisión de derrubo adoptada pola Comisión de Goberno do 14 de febreiro do ano 2000. Non executado este contrato procede realizar o abono da indemnización ao contratista por importe de 790,02 €, que equivale ao 3% da prestación deixada de realizar.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Desenvolvemento Sostible o proxecto de rehabilitación do Palacete do Espiño. Con esta actuación preténdese realizar unha intervención que ten como obxectivo a rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal. Con isto recuperarase o edificio modernista compatibilizando a conservación das ruínas existente con usos polivalentes dentro dos 1.070 metros cadrados existentes, ademais do terreo anexo destinado a horta e xardín con carballeira. O orzamento deste proxecto é de 1.262.100 € IVE incluído e terá un prazo de execución de 12 meses.

7.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao expediente de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materia urbanística, de ruído, de espazo público, publicidade e inspección técnica de inmobles.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible que a data de comezo efectivo da prestación do servizo deste contrato sexa o 11 de xullo xa que, entre a sinatura do contrato e a posta en funcionamento do servizo pasaron unhas semanas que foron necesarias para poder poñer a dispor do contratista os medios necesarios para executar o mesmo.

8.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización do Programa Verán Activo 2014. Actividades de lecer e tempo libre.

A proposta da concelleira de Xuventude a XGL aprobou o Programa Verán Activo 2014: actividades de lecer e tempo libre.

9.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2014.

A XGL aprobou solicitar a subvención á Consellería de Traballo destinada á realización de actividades dirixidas á xuventude e coa que o Concello de Santiago poderá realizar diferentes actividades formativas (fotografía, lectura e outras). Con estas accións preténdese facilitar a participación dos xoves entre 12 e 35 anos en actividades educativas non formais e nas relacionadas co asociacionismo e liderato. O importe solicitado por esta subvención é de 3.000 €.

10. Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 12.744 euros.

11. Apertura do prazo para a renovación da concesión de uso das hortas de Belvís. Do 16 ao 31 de maio.